

Verbos con alternancia vocálica.

Pon o verbo das seguintes frases en presente de indicativo:

- A ferramenta esa non **servía** para nada.
- Ti sempre **durmías** no cuarto de arriba.
- O teu irmán **mentiu** constantemente.
- El sempre **vestía** pantalóns curtos.
- Os alumnos de 2º **pediron** más exercicios de Galego.
- Os representantes do equipo **acudiron** á presentación do concurso.
- O mago **repetiu** o truco para os nenos máis pequenos.
- **Ulía** moi mal nesta clase.
- Ti sempre **descubriches** moi rápido as solucións dos encrucillados.
- Os alumnos da ESO **resumiron** moi ben os libros de lectura.
- Eu **sentía** como choraba o neno dos veciños.
- As rosas do paseo **ferían** aos peóns.
- O meu irmán **competiu** na carreira pedestre do sábado.
- Ti **deduciches** a solución do problema de matemáticas.
- As estrelas **relucían** maxestosas no inmenso espazo.
- Ese **seguía** sendo o principal problema na súa relación.
- Esa empresa nunca **despedía** aos seus empregados.
- El **subía** todos os días ata o cumio do monte Galiñeiro.
- Meu pai **traduciu** do latín unha obra de César.
- Nós sempre **sentíamos** moita pena polos seus fillos.
- Iso **revestía** moito perigo.
- Nós **durmiremos** na casa da aldea.
- A néboa **cubría** todo o val ata o río.
- Ese campo **medirá** cen metros de ancho.
- Os policías **perseguían** ao ladrón polo centro da cidade.
- Vós sempre **acudiades** á nosa chamada.
- Ela **sufría** moito con todas esas lérias.
- Eles **presumían** de sabelo todo.
- O xornal de hoxe **desmentiu** a información do ministro.